



Área / Unidad GESTION ADMINISTRATIVA MEDIO AMBIENTE MA1000 MBLG	Documento 5411810AFL
Código de verificación  146S 0T5U 0L6E 6A3N 0YQ4	Expediente 541/2024/832
	Fecha 30-06-2024

A Área de Medio Ambiente emite a seguinte proposta (Documento nº 5411810AFK):

## “INFORME RELATIVO Á PROPOSTA DE SERVIZOS MÍNIMOS A REALIZAR NO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS URBANOS CON MOTIVO DA AMPLIACIÓN DOS DÍAS DE FOLGA INTERMITENTE INICIADA O 24 DE XUÑO E ATA QUE A FOLGA SEXA DESCONVOCADA

### 1.- ANTECEDENTES

**1.1.** A concelleira delegada de Medio Ambiente, de acordo co Decreto da alcaldesa de delegación de competencias 3531/2024 do 19.06.2024, ditou o pasado 21.06.2024 o **Decreto 3598/2024** polo que se establecen os servizos mínimos obrigatorios a realizar durante o período de folga indefinida e intermitente, que comezou as 00.00 h do 24 de xuño de 2024, seguindo os días 25 de xuño; 8, 25, 26 e 27 de xullo; 8, 9, 15 e 16 de agosto e todos os martes e sábados en adiante, convocada en Prezero, S.A.U., empresa contratista do servizo de recollida de residuos urbanos.

**1.2.** O 28.06.2024 o Comité de Folga de PreZero SAU comunica a este Concello a través de escrito presentado por Rexistro Xeral (Rexistro de entrada nº 51197) a ampliación dos días da folga intermitente convocada, de xeito que ademais dos días sinalados no punto anterior, ampliáse aos seguintes días: 9,13,23 e 30 de xullo.

Coa comunicación achegan a acta da xuntanza extraordinaria do Comité de Empresa na que se acorda esta ampliación na que figura como proposta de servizos mínimos “un 35% do cadro de persoal para cada quenda, mañá, tarde e noite” como “suficientes para garantir a salubridade”.

Consta tamén no expediente a comunicación presentada polo Comité de empresa no Servizo de Emprego, Relacións Laborais o mesmo día 28 de xuño.

### 2.- CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

**2.1.** Como consecuencia da ampliación dos días de folga, cómpre ditar un novo Decreto que de cobertura aos servizos mínimos a realizar neses novos días 9,13,23 e 30 de xullo.

**2.2.** Para este fin, danse por reproducidas as consideracións legais e técnicas do Decreto 3598/2004 que xustifican os servizos mínimos ata o de agora impostos e que xustifican que estes servizos xa impostos sexan os mesmos que se propoñen a continuación para eses novos días de folga a ata que esta se desconvoque.

A finalidade deses servizos mínimos establecidos, como sinala o Decreto 3598/2024 é “**que sexan capaces de recoller a metade dos contedores de todo o termo municipal cada día. Debe terse en conta que non pode contemplarse na fixación destes servizos mínimos un 50% de medios materiais e humanos en lugar do 50% dos contedores a recoller xa que, como xa se sinalou, o volume de residuos**



# Concello da Coruña

*a recoller será bastante mais posto que os contedores encontraranse cheos dos residuos xerados durante dous días. É dicir, a recollida dun 50 % de contedores so equivalería a un 50 % de medios en condicións normais, partindo duns contedores previamente recollidos. Cun día previo, cos contedores cheos de residuos sen recoller, mais os residuos xerados no propio día da recollida, esixe duns medios, para a súa correcta recollida, irremediabilmente superiores a ese 50 % sinalado”.*

En consecuencia, **PROPONSE A ADOPCIÓN DA SEGUINTE RESOLUCIÓN:**

**1.- Ampliar os servizos mínimos** a realizar no servizo de recollida e transporte de residuos urbanos fixados polo Decreto 3598/2024, do 21.06.2024, con motivo da folga indefinida e intermitente que comezou ás 00.00 horas do día 24 de xuño, como consecuencia da ampliación da mesma aos días 9,13,23 e 30 de xullo.

**Os servizos mínimos a realizar os días 9,13,23 e 30 de xullo e ata que a folga resulte desconvocada serán os seguintes:**

SERVIZO	QUENDA	EQUIPOS	CONDUCTORES	PEÓNS
Recollida Orgánica e Inorgánica	Noite	15	15	30
Retén Recollida	Noite	1	1	2
Recollida Papel y Cartón CL	Noite	2	2	
Recollida Papel y Cartón CS	Noite	1	1	1
Recollida Orgánica e Inorgánica (Hospitais)	Mañá	1	1	2
Recollida Vidro CL	Mañá	1	1	
Recollida Vidro CS	Mañá	1	1	1
Retén Recollida	Mañá	4	4	8
Recollida Mercados	Tarde	1	1	2

**\*ESTRUTURA DE PERSOAL EN TODOS OS DÍAS DE FOLGA:**

JEFE DE SERVICIO	1
TÉCNICO	1
ADMINISTRATIVO	1
AUXILIAR TÉCNICO	1



# Concello da Coruña

CAPATACES MAÑANA	1
CAPATACES NOCHE	1
JEFE TALLER	1
TALLER MAÑANA	3
TALLER NOCHE	1
LAVADERO	1
VIGILANTE	1
LIMPIADORA	1

2.- En todo caso, a prestación de servicios mínimos **debe garantir a recollida de residuos en cada contedor da cidade, cada dous días**, considerando que esta ratio é a mínima e imprescindible para evitar problemas de salubridade na cidade e minimizar os posibles riscos para a saúde pública que puidesen derivarse da falta de limpeza e hixiene e da acumulación de residuos na rúa, dos malos cheiros, lixiviados, proliferación de roedores -os cales son vehículos de transmisión-, e mesmo de enfermidades infecto-contaxiosas que xeren risco para a cidadanía.

Ademais, deberá en todo momento actuarse ante circunstancias ou actuacións urxentes que así o demanden, dando resolución as estas incidencias co persoal estritamente necesario para elo.

3.- Correspóndelle a Prezero S.A.U., coa participación do Comité de Folga, a facultade de designar ás persoas traballadoras que deban efectuar os servizos mínimos, velar polo cumprimento dos mesmos e a organización do traballo correspondente a cada unha delas, sen prexuízo do exercicio da correspondente competencia do Concello como titular do servizo.

Os servizos mínimos non poderán ser perturbados por alteracións ou paros do persoal designado para a súa prestación. En caso de producirse, serán considerados ilegais, incorrendo en responsabilidade quen os ocasionen.

4.- En función da duración da folga e das necesidades urxentes que se detecten, poderanse incrementar os devanditos servizos mínimos co fin de manter, en todo caso, a seguridade e salubridade pública, como bens e dereitos fundamentais a protexer.

5.- Prezero S.A.U. remitirá por sede electrónica municipal á Concellería de Medio Ambiente e tamén ao seguinte mail: [direccion.medioambiente@coruna.gal](mailto:direccion.medioambiente@coruna.gal) un **informe diario**, tanto en relación cos días de folga intermitente como en relación aos días de funcionamento ordinario do servizo e ata que a folga resulte desconvocada, e que conterá como mínimo os seguintes datos:

5.1.- Rutas que quedaron sen atender total ou parcialmente no seu horario habitual segundo as esixencias que recollen os pregos reguladores do contrato.

5.2.- Plano indicativo por zonas e rúas nas que se se produzan incidencias de recollida e deriven en acumulación de contedores sen recoller.



# Concello da Coruña

5.3.- Para os días e folga: número de baixas laborais do día e o acumulado desde o inicio da folga, así como de efectivos de persoal e de medios materiais que efectivamente prestaron servizos ese día, en relación aos medios humanos e materiais decretados como servizos mínimos. Deberá reflectirse a porcentaxe de cumprimento dos servizos mínimos en medios materiais e humanos (diferenciando as categorías de peóns e condutores) por cada ruta e/ou servizo.

5.4.- Para os días de funcionamento ordinario do servizo non incluídos no preaviso de folga: número de baixas laborais do día e o acumulado desde o inicio da folga, así como de efectivos de persoal e de medios materiais que efectivamente prestaron servizos ese día, en relación aos medios humanos e materiais que esixen os pregos reguladores do contrato. Deberá reflectirse a porcentaxe de cumprimento dos medios materiais e humanos (diferenciando as categorías de peóns e condutores) por cada ruta e/ou servizo.

5.5.- Número de rutas que se realizaron como reforzo, se este tivera lugar, con indicación da hora de comezo e de finalización do mesmo.

5.6.- Situacións que poidan comportar un risco para a salubridade pública e de toda aquela información que consideren relevante.

6.- Correspóndelle á Prezero S.A.U. soportar as consecuencias económicas da folga vinculadas á xestión do contrato. A Administración municipal detraerá as cantidades correspondentes ás prestacións deixadas de realizar, aos gastos deixados de soportar polo contratista e as consecuencias económicas negativas para a Administración municipal, derivadas de costes complementarios para o mantemento do servizo público obrigatorio ou ingresos non percibidos ligados á execución do contrato.

7.- Notificar a presente resolución ao Comité de Folga e a Prezero S.A.U., así como ao Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social da Coruña.

A Coruña, na data de sinatura dixital que consta neste documento.

Asdo.

- A xefa de Departamento de Residuos
- O director de Área de Medio Ambiente”

Visto o informe proposta que precede á presente Resolución, e facendo uso das facultades conferidas na Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e segundo o Decreto 3531/2024 de Alcaldía de delegacións de competencias do 19.06.2024,

## RESOLVO

**1.- Ampliar os servizos mínimos** a realizar no servizo de recollida e transporte de residuos urbanos fixados polo Decreto 3598/2024, do 21.06.2024, con motivo da folga indefinida e intermitente que comezou ás 00.00 horas do día 24 de xuño, como consecuencia da ampliación da mesma aos días 9,13,23 e 30 de xullo.

**Os servizos mínimos a realizar os días 9,13,23 e 30 de xullo e ata que a folga resulte desconvocada serán os seguintes:**



# Concello da Coruña

SERVIZO	QUENDA	EQUIPOS	CONDUCTORES	PEÓNS
Recollida Orgánica e Inorgánica	Noite	15	15	30
Retén Recollida	Noite	1	1	2
Recollida Papel y Cartón CL	Noite	2	2	
Recollida Papel y Cartón CS	Noite	1	1	1
Recollida Orgánica e Inorgánica (Hospitais)	Mañá	1	1	2
Recollida Vidro CL	Mañá	1	1	
Recollida Vidro CS	Mañá	1	1	1
Retén Recollida	Mañá	4	4	8
Recollida Mercados	Tarde	1	1	2

**\*ESTRUTURA DE PERSOAL EN TODOS OS DÍAS DE FOLGA:**

JEFE DE SERVICIO	1
TÉCNICO	1
ADMINISTRATIVO	1
AUXILIAR TÉCNICO	1
CAPATACES MAÑANA	1
CAPATACES NOCHE	1
JEFE TALLER	1
TALLER MAÑANA	3
TALLER NOCHE	1
LAVADERO	1
VIGILANTE	1
LIMPIADORA	1



**2.-** En todo caso, a prestación de servicios mínimos **debe garantir a recollida de residuos en cada contedor da cidade, cada dous días**, considerando que esta ratio é a mínima e imprescindible para evitar problemas de salubridade na cidade e minimizar os posibles riscos para a saúde pública que puidesen derivarse da falta de limpeza e hixiene e da acumulación de residuos na rúa, dos malos cheiros, lixiviados, proliferación de roedores -os cales son vehículos de transmisión-, e mesmo de enfermidades infecto-contaxiosas que xeren risco para a cidadanía.

Ademais, deberá en todo momento actuarse ante circunstancias ou actuacións urxentes que así o demanden, dando resolución as estas incidencias co persoal estritamente necesario para elo.

**3.-** Correspóndelle a Prezero S.A.U, coa participación do Comité de Folga, a facultade de designar ás persoas traballadoras que deban efectuar os servizos mínimos, velar polo cumprimento dos mesmos e a organización do traballo correspondente a cada unha delas, sen prexuízo do exercicio da correspondente competencia do Concello como titular do servizo.

Os servizos mínimos non poderán ser perturbados por alteracións ou paros do persoal designado para a súa prestación. En caso de producirse, serán considerados ilegais, incorrendo en responsabilidade quen os ocasionen.

**4.-** En función da duración da folga e das necesidades urxentes que se detecten, poderanse incrementar os devanditos servizos mínimos co fin de manter, en todo caso, a seguridade e salubridade pública, como bens e dereitos fundamentais a protexer.

**5.-** Prezero S.A.U. remitirá por sede electrónica municipal á Concellería de Medio Ambiente e tamén ao seguinte mail: [direccion.medioambiente@coruna.gal](mailto:direccion.medioambiente@coruna.gal) un **informe diario**, tanto en relación cos días de folga intermitente como en relación aos días de funcionamento ordinario do servizo e ata que a folga resulte desconvocada, e que conterá como mínimo os seguintes datos:

5.1.- Rutas que quedaron sen atender total ou parcialmente no seu horario habitual segundo as esixencias que recollen os pregos reguladores do contrato.

5.2.- Plano indicativo por zonas e rúas nas que se se produzan incidencias de recollida e deriven en acumulación de contedores sen recoller.

5.3.- Para os días e folga: número de baixas laborais do día e o acumulado desde o inicio da folga, así como de efectivos de persoal e de medios materiais que efectivamente prestaron servizos ese día, en relación aos medios humanos e materiais decretados como servizos mínimos. Deberá reflectirse a porcentaxe de cumprimento dos servizos mínimos en medios materiais e humanos (diferenciando as categorías de peóns e condutores) por cada ruta e/ou servizo.

5.4.- Para os días de funcionamento ordinario do servizo non incluídos no preaviso de folga: número de baixas laborais do día e o acumulado desde o inicio da folga, así como de efectivos de persoal e de medios materiais que efectivamente prestaron servizos ese día, en relación aos medios humanos e materiais que esixen os pregos reguladores do contrato. Deberá reflectirse a porcentaxe de cumprimento dos medios materiais e humanos (diferenciando as categorías de peóns e condutores) por cada ruta e/ou servizo.



## Concello da Coruña

5.5.- Número de rutas que se realizaron como reforzo, se este tivera lugar, con indicación da hora de comezo e de finalización do mesmo.

5.6.- Situacións que poidan comportar un risco para a salubridade pública e de toda aquela información que consideren relevante.

6.- Correspóndelle á Prezero S.A.U. soportar as consecuencias económicas da folga vinculadas á xestión do contrato. A Administración municipal detraerá as cantidades correspondentes ás prestacións deixadas de realizar, aos gastos deixados de soportar polo contratista e as consecuencias económicas negativas para a Administración municipal, derivadas de costes complementarios para o mantemento do servizo público obrigatorio ou ingresos non percibidos ligados á execución do contrato.

7.- Notificar a presente resolución ao Comité de Folga e a Prezero S.A.U., así como ao Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social da Coruña.

A Coruña, na data de sinatura dixital que consta neste documento.

A Alcaldesa

P.D.

Concelleira delegada da Área de Medio Ambiente  
Eudoxia María Neira Fernández